PORTADA:

Rosetón na fachada da igrexa de Santa María de Nogueira de Miño (Chantada, Lugo). De estilo románico tardío (s. XIII), está cheo de referencias simbólicas: estrela de oito puntas no centro **(ceo)**; catro orificios redondos en **cruz**; circunvalación dos mesmos e a estrela (oito puntas + catro = **12 apóstolos**), etc. A igrexa mesma, situada nun promontorio (castro), semella unha atalaia cara toda a Ribeira Sacra, de castiñeiros, viñas e mosteiros.

Edita: Biblioteca del Seminario Diocesano de Lugo
Depósito Legal: LU 855 - 1990
ISSN 1130-6831
Imprime: La Voz de la Verdad, Lugo

EDICIÓN PATROCINADA POR:
CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO
EXCMA. DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO
EXCMO. AYUNTAMIENTO DE LUGO
FUNDACIÓN CAIXA GALICIA

# LVCENSIA

MISCELÁNEA DE CULTURA E INVESTIGACIÓN



*BIBLIOTECA SEMINARIO DIOCESANO*

*Nº 42 (Vol. XXI)* *LUGO, 2011*

# LVCENSIA


MISCELÁNEA DE CULTURA E INVESTIGACIÓN

PRESIDENCIA DE HONOR

Excmo. D. Alfonso Carrasco Rouco
OBISPO DE LUGO

CONSEJO DE REDACCIÓN

Gonzalo Fraga Vázquez
DIRECTOR
Daniel García García
Manuel Castro Gay
Nicandro Ares Vázquez
M.ª Dolores Carmona Álvarez
Manuel Rodríguez Sánchez
David Gil Mato
David Varela Vázquez
Argimiro López Rivas
SECRETARIO

ASESORES

Luciano Armas Vázquez
Jaime Delgado Gómez
Mario Vázquez Carballo
José Antonio González García
Antonio Negro Expósito
Ramón Piñeiro Campos
José Antonio Ferreiro Varela

ADMINISTRACIÓN

Biblioteca del Seminario Diocesano
C/ Ángel López Pérez, s/n. Apdo. 36
LUGO - España
Correo-E: bibliotecasemlu@telefonica.net


# GUION/DIALOGO

Igual que "as notas dormidas nas cordas da arpa esperan a man de neve que sabe arrincalas", como din as "Rimas", tamén tesouros de cultura e prosperidade agochados na xeografía galega agardan a man de estudiosos e emprendedores que aflorazen tales bens.

Pois, desde o campo da investigación e da cultura -coordenadas de LVCENSIA- mírase temáticamente con preferencia neste número da Revista á extensa comarca nomeada Ribeira Sacra (ladeiras dos ríos Miño e Sil, Ourense e Lugo). Invasores, ermitaños, monxes, artistas, comerciantes, labradores e estudiosos descubriron un día xacementos, importaron e melloraron cultivos, crearon obras de arte, humanizaron esos fermosos ámbitos; e no presente ségueșe a promover a riqueza.

Mirando ó pasado e ó presente, os ESTUDIOS ábrense cunha investigación de Carolina Casal Chico sobre a presencia e actuacións de *Os monxes cluniacenses en Galicia, en especial na Ribeira Sacra*; e Manuel Regal Ledo refírese a outros de secular presencia na zona, se ben o seu artigo alude a algo puntual: *A colaboración dos monxes de Samos na revista "Logos"*.

Outras dúas investigacións, ambas en torno á producción que máis destaca hoxe na R. S., a vitivinícola, son a de Mª Dolores Carmona Álvarez e Mª Dolores Arias Carmona que amosan o papel de *La química en la Vitivinicultura, actuaciones en la Ribeira Sacra*; e a dos enxeñeiros Francisco Sineiro García e Roberto Lorenzana Fernández que dan a coñecer *A producción actual de viño en Galicia*. E tamén, na beira da R. S., Portomarín, outras dúas investigacións: unha arqueolóxica, de Jaime Delgado Gómez, *Un sartego móbil en Santiago de Soengas (Portomarín)*, e a histórica, de José Manuel Abel Expósito, sobre a *Colegiata de San Nicolás de Portomarín*.

Completan esta sección tres artigos sobre realidades doutras zonas, inda que lindeiras coa mesma R.S.: *Toponimia do Concello de Bóveda*, de Nicandro Ares Vázquez; *O Parque Rosalía de Castro de Lugo*, de Mª Jesús Saavedra Carballido; e *O Pazo-Museo de Tor en Monforte*, de Encarna Lago González.

| | | |
|---|---|---|
| Cabodamoi | Landoi | Picoi |
| Carballo de Boi | Liboei | Piñoi |
| Cardeira de Merroi | Liboi | Poi |
| Cesuroi | Manoi | Ponte Baroi |
| Choi | Marzoi | Primoi |
| Densoi | Merroi | Quiñoi2 |
| Escadoi | Midoi | Raxoi |
| Fercoi | Migoi | Saboi |
| Froxoi | Mondoi2 | Taboi |
| Fróxoi | Panacios | Trasmoi |
| Gadoi | Papoi | Vilaboi |
| Gafoi | Paradoi | Vilarboi |
| Gradoi | Pena do Boi | Vixoi2 |
| Gulfoi | Penoi | Xiloi |
| Gulloi2 | Perceboi | |

**2. En Lugo**

| | | |
|---|---|---|
| Aboi | Filloi | Meirui |
| Agrovoi | Fingoi | Meixaboi |
| Alhazoi | Fondoi | Papoi |
| Aroi | Frontoi | Picoi |
| Bacoi | Gandoi | Portogantoi |
| Badoi | *Gosoi en Soavedra* | Refuxoi |
| Bagoi | Gatoi | Sisoi |
| Baroi | Goi2 | Taboi |
| Beloi2 | Gondeboi | Teixoi |
| Caboi | Gradoi | Teigaroi |
| Cendoi2 | Illoi | Trastoi |
| Choi | Landoi | Vilacendoi3 |
| Corno do do Boi2 | Magoi | Vilapren |
| Facoi | Manzoi2 | Vilardoi |
| Fasoi | Marcoi2 | Xilloi |
| Fermoi | Mazoi2 | |

**3. En Ourense**

| | |
|---|---|
| Cargaimoi | Servoi |
| Piñoi | Val de Boi |

**4. En Pontevedra**

| | | |
|---|---|---|
| Alboi | Cendoi | Piñoi3 |
| Agroi | Filloi | Pontarrozoi |
| Baldoi | Godoi2 | Raxoi2 |
| Cabeza de Boi | Moi | Redoi |
| Caroi | Nigoi | Saboi |
| Casalboi | Penaboi | |

# NO SUBSTRATO DOS TEMPOS

## ONTE E HOXE VIVENCIAL DE MANUEL ORESTES RODRÍGUEZ LÓPEZ

Velaquí unha parte do derradeiro capítulo do libro *Poesías completas* de Manuel Rodríguez López. En edición e prólogo de Darío Xohán Cabana, con patrocinio da Xunta de Galicia, Deputación Provincial de Lugo e Concello de Paradela, publicouno ESPIRAL MAIOR na súa colección "Alba longa".

Esta antoloxía poética foi presentada a finais do ano pasado nun solemne acto-homenaxe ó autor, fillo predilecto de Paradela e inhumado no panteón de fillos ilustres deste concello. A sesión tivo lugar no auditorio da Excma. Deputación de Lugo, coa presidencia do Vicepresidente primeiro Antón Bao e do Alcalde do Concello de Paradela José Manuel Mato, ante numeroso público de Paradela e da Capital provincial. Formaba parte da presidencia, en representación da familia do poeta, a súa viúva Irene López; e o noviño neto de ambos, Carlos Rodríguez, cerrou tan agarimosa xuntanza interpretando co violín selectas composicións.

Os integrantes da presidencia (entre eles o responsable desta edición, Darío X. Cabana) encargáronse de suliñar os valores literarios da obra e a entrañable personalidade do autor. Fixeron referencia ós seus restantes escritos e á grandeza da súa traxectoria persoal de home bo e xeneroso, autodidacta de profunda formación intelectual e leal ás persoas e á sociedade.

Baixo o nome de *Manuel Orestes Rodríguez*, o Concello de Paradela vén convocando anualmente, sen interrupción desde 1995, un dobre certame internacional de poesía e de narrativa. Os traballos premiados en cada edición publícanse nun libro; e tanto o interese coma a participación medran de ano en ano en número e amplitude xeográfica.❑

## O ESPÍRITO DAS CITANIAS

«Oestrimnios» chamaos Rufo Avieno.
Adoraban a lus, o sol e as augas.
Eran tribos agrícolas-gandeiras,
comercaban cos pobos da Bretaña
e vivían nos cumes do Noroeste
en cabanas redondas e ovaladas.

Segundo Estrabón, tiñan por comida
o miúdo mainzo e pan de landras.
Sacrificaban bodes e cabalos
ás deidades denantes das batallas.

Como acontece a miúdo hoxe en día,
Estrabón escribiu cousas fantásticas:
que bebían cervexa en vez de viño
e ó seren unha raza ruda e bárbara,
en troques dos coidados á parida,
practicaban os homes a covada.

Pero antes xa escribira o gran Políbio
que Galicia é unha terra afortunada.
Os gravados rupestres xeométricos
e os cotiosos achádegos nas mámoas
–armas de bronce, torques e vasillas–
confirman a súa gran puxanza,
aumentada ó chegaren os Saefes
coas ferreirías e a deusa Poemana,
que no castro de Lugo presidía
o culto ofiolátrico de Hallstatt.

Das tribos que poboaron o Fisterre,
deixounos Tolomeo fiel constancia
e, coma principal, destacou Plinio
ós Caporos de Lugo e Iria Flavia.

Portadores do liño e o centeo,
dos novos invasores a camada,



vencellada cos Saefes e os Oestrimnios,
marcou unha ditosa e nova etapa.

Pasaron longos séculos pero aínda
perduran nas vivencias e nas danzas
do noso pobo, fiel ós devanceiros,
o espírito imperante das citanias.

## CANTAR DE CEGO

Escoiten o que pasou
nesta cidade sagrada
no catrocentos sesenta
durante as festas de Pascua.
O pobo cristián unido
en relixiosa xuntanza
estaba a canta-los himnos
triunfantes de acción de gracias
ó Señor resucitado
cando as traidoras armas
do usurpador Remismundo
alancaron sanguinarias
entre a moitedume atónita,
que contempla alporizada,
ante o bispo degolado,
como seu templo esborrallan.
Cinco décadas de paz,
por Hermerico encetadas,
nas que o pacífico arado
substituíra as feras lanzas,
trocáronse en moura ruína,
lume, saqueos e bágoas.
Así empezou o devalo
dunha nación que agromaba,
asentada na irmandade

## MUZA E ALMANZOR EN LUGO

POR MÁIS VECES QUE O INTENTARON,
Lucus Augusti romano,
non se puideron domear
os feroces mahometanos.
No setecentos catorce,
ás ordes dun Muza ousado,
matan xentes inocentes
e saquean os teus castros;
pero as mesnadas cristiás
firmes avanzan ó mando
do rei Afonso Primeiro,
o Católico Asturiano,
e a ansiada paz reverdece
mentres que o bispo Odoario
reconstrúe esta cidade
pouco a pouco, paso a paso.
Setembro de novecentos
noventa e sete. O espanto
adónase da bisbarra
ante o tropel dos cabalos
invasores que se achegan
causando morte e estragos.
Eros, Fernando e Osón,
nobres condes esforzados,
convocan na catedral
a tódolos seus vasalos
e diante da Virxe xuran
morrer a feito loitando
denantes de se entregaren
ó xefe dos mahometanos.
Os máis afoutos guerreiros,
da muralla no máis alto,
aceiradas frechas lanzan
contra o bereber oufano
incapaz de abrir un oco
no baluarte romano,
e o astuto Almanzor decide
manté-lo asedio, pensando
nunha fácil rendición



debida á fame e cansazo;
pero os lugueses indómitos
manteñen os mesmos azos
e a comezos de novembro
o sarraceno, aterado,
ordena finda-lo cerco
tras falar cos emisarios
que lle ofrecen, coma burla,
un bolo de pan e un año.

## XUSTIZA POPULAR

Ó REMATE DO SÉCULO CATORCE
burgueses, bispos e feudais, de novo,
encerélianse en liortas e batallas
que, coma sempre, sofre e paga o pobo.
O bispo Pedro López de Aguiar,
confesor de Don Pedro, faise o xordo
ós mandatos de Henrique das Mercedes.
Con Fernando de Castro vai de acordo
e, a pesar de morre-lo Xusticeiro,
el segue a dominar almas e corpos.
A plebe escravizada esgrime as fouces
contra tanto tributo, tanto imposto
e, ás ordes de María Castiñeira,
a vinganza florece en sangue e fogo.
Conseguirá escapa-lo bispo Pedro,
pero a morte sorprende ó fiel mordomo
e as loitas continúan contra a Mitra,
destemidas e rexas, sen acougo.
En Lugo a violencia fai estragos.
Don Lopo, o novo bispo, fica morto.
É o pobo desvalido e sen porvir
quen fai xustiza tras anos sen conto
de dominio feudal, de mansedume,
de vivir á miñoca, cheo de loito.
Lustros máis tarde, a causa popular
faise irmandiña e, con maiores folgos,
de María Castaña a sementeira

acadará vizosos novos froitos.
Agora son os nobres e os castelos
quen non resisten o furor teimoso
das mesnadas de Afonso de Lanzós,
Diego de Lemos e de Pedro Osorio.

## FALSA VISIÓN

O ESPÍRITO DA TERRA, DA AUTÉNTICA GALICIA,
non está na ruindade de agarimo tinguida.
Non é sublevación pra acada-lo poder
ou engana-lo pobo para servirse del.
Non podemos dicir que o conde Rodrigo
se sublevou en Lugo por puro patriotismo.
Aconteceu que estaba o rei Afonso Sexto
loitando contra os mouros e, para o seu proveito,
quixo coroarse rei, facerse independente.
Non pretendía, non, unha Galicia ceibe.
E tampouco Solís anceiaba librar
a auténtica Galicia do dominio central.
As teimadas paixóns, na cidade e na aldea,
manipularon sempre o Espírito da Terra
como está a acontecer a cotío hoxe en día
no comercio, nas artes e nas loitas políticas.
Mesmo Afonso Reimúndez coroouse en Compostela
e converteu seu reino en feudo de Castela.
«Anguriada Penélope», «Galicia boi de palla»
chámana os seus poetas en vendo tanta mágoa.
Confunden o Espírito[*] da nosa Terra enxebre
cos pulos maquiavélicos de repelentes vermes.
Falsa visión. Galicia, o Espírito da Terra,
é vivencia e linguaxe, luz e vizosas veigas,
o que sente o emigrante en lonxanas nacións,
o que poucos valoran no seu propio terrón.

[*] A métrica esixe aquí esta acentuación, que ademais é popular en certas secuencias sintácticas.



## VIRXE DOS OLLOS GRANDES

POR QUE IMOS DUBIDALO!
Puidera ser verdade
que viñeras a Lugo
como dice[*] Pallares.
Por que imos a negar
que serena pousaches
para o inspirado artista
con señorial semblante?
Perfecta de faccións,
Virxe dos Ollos Grandes,
no teu colo Xesús
non cansa de mirarte
e os anxos rebuldeiros
ó redor, exultantes,
oval coroa técenlle
á túa augusta imaxe.
No decorrer dos séculos
esa mirada suave
foi celme para eivados,
consello para abades,
forteza do rei Casto,
que che rende homenaxe,
e nume do rei Sabio,
cantor dos teus milagres.
Ós teus pés dona Urraca
ofrenda vasalaxe
e o santo de Mezonzo
compón e reza a Salve.
Odoario e San Froilán
nas antigas idades,
coma hoxe, proclamábante
doce nai de bondade.
Na barroca capela,
Virxe dos Ollos Grandes,
continúas a reinar
nas mentes e no sangue

[*] O orixinal impreso pon *di*, pero a métrica esixe a forma lucense *dice*, habitual en MRL.

con ese teu polícromo
ollar de maxestade.

## SAN FROILÁN

NA CATEDRAL LUCENSE ECOAN
os gregorianos cánticos relixiosos
en louvor do Patrón,
o milagreiro San Froilán. E o pobo
axeóllase diante das reliquias
do Santo con piadoso arroubo,
namentres os foguetes esfachícanse
na cúpula do ceo con grande estouro.
Santa Froila, no pétreo sartego,
verte bágoas de gozo
e as oracións dos fieis,
neste día outonal e venturoso,
soben ás bóvedas da vella sé
mesturadas co incenso, amodo.
Mil e cento cincuenta anos
hai que naceu o excelso patrono,
moi preto da muralla, no lugar
do regueiro dos Hortos.
Moitos soles e lúas
percorreron os ceos sen acougo
desque fiel á chamada do Evanxeo,
aprendido da santa nai no colo,
tripou congostras, páramos e chairas
rebordante de pulos apostólicos.
Nos corazóns aínda frutifican
con anovados folgos
o ensino do eremita medieval,
fundador de cenobios
en terras de León reconquistadas
ó invasor mouro.
Dende o altar, con carisma episcopal,
noso Patrón imparte bendicións e consolo,
pregoaxia paz, amor e irmandade.
A cidade de Lugo é un fervedoiro



de xentes que festexan San Froilán
e ata o seu compañeiro, o lobo,
cargado coas alforxas,
síntese fachendoso.

## SAN ROQUE

TRANSCORRERON DOUSCENTOS LONGOS ANOS
dende que pola túa intercesión
da cidade de Lugo a poboación
liberou duns xermes víricos arcanos.

E para celebrar teu día, ourfanos,
acompañan á leal Corporación
e ó Cabido cada ano en procesión
ricos e pobres, cregos e paisanos.

Peregrino, co can e coa cabaza,
no cume da capela ollas contento
as xentes algareiras e festeiras
namentres nos xardíns da meiga praza,
Montes, no pedestal, con grave acento,
dirixe para ti ledas muiñeiras.

## AUGUSTA E SOLEMNE

MURALLA ROMANA DO VELLO CONVENTUS IURIDICUS
noutrora sen par fortaleza vixía,
que lonxe quedaron as loitas coas tribos
da anterga Galicia.
Amparo das fortes lexións que no castro
tramaban futuras fazañas guerreiras,
defensa vital da cultura de Lacio
en terras galegas,
ó longo de séculos viches altiva
o paso dos suevos, dos godos, os mouros
os loitos normandos e a gala rapina

dos nosos tesouros.
Aéreo paseo cargado de historia,
anelo que cingues o van da cidade
e gardas lembranzas e vellas memorias
de antigas idades,
ti es testemuño de sacros concilios,
do bispo Odoario, do Santo Froilán
da heroica María Castaña e dos irtos
señores feudais.
Xa formas conxunto coa nosa paisaxe
e no ir e vir dos ventos, tornados e neves
calada resistes os feros embates
augusta e solemne.

## REGALÍA DO ESPÍRITO

PARQUE DE LUGO, EVOCADOR DO ANTERGO
castro sagrado onde os bardos druídas
salmodiaban os seus rezos panteístas
Que atalaia sen par de panorámicas!
De panorámicas solemnes, rexias,
comarcadas por Pena Loira, Cousso,
o Veral e o Picato maxestoso,
lindeiros de policromas paisaxes.
Paisaxes merecentes dun Virxilio
para canta-las agras e restrebas,
os reflexos do sol nas carballeiras,
no Lavadoiro, no Mera e no pai Miño.
No pai Miño que viaxa farturento
e detense en Saamasas para ollar
a ponte nova, os prados de Orbazai,
os barrios de San Lázaro e da Ponte.
Da Ponte, anunciador puntual das festas
da exuberante primavera, vía
romana transitada por milicias
de invasores, labregos e romeiros.
Romeiros peregrinos a Santiago
que, nun breve descanso nas Aricinas,
fican varados ante tal beleza



ó contempla-la excelsa catedral.
Catedral incrustada na cidade,
castro sagrado, balconada aérea
a vixia-las vagoadas e arboredas,
regalía dos ollos e do espírito.

## O PAZO DO CONCELLO

DOS LUGUESES ORGULLO, O PAZO DO CONCELLO
acaba de cumprir dous séculos e medio.
Obra de Caaveiro e Fernando de Casas,
xurdiu virxoso e rexo con barroca fachada
na antiga Feira Vella e no solar doado
polo Marqués de Ombreiro, distinguido fidalgo*.
O acolledor salón, a escalinata rexia,
os amplos soportais e a balconada pétrea
son vellos testemuños de acordos relevantes,
de culturais xuntanzas e festas populares.
Os desfiles do Antroido con alegres comparsas,
os reis magos de oriente cargados de esperanzas,
o artificio do fogo nas festas do Patrón
e na Semana Santa as longas procesións
son lembranzas que viven, nos novos e nos vellos,
fundidas coa estrutura do pazo do Concello.
Con aire señorial, un día e outro día,
preside aconteceres da súa amada vila:
as verbenas nocturnas, os concertos da Banda,
as xuntanzas políticas, folclores e charangas,
pícaros a xogar, paseos no Cantón...
De todo canto ocorre é fiel observador.

* Non lle podemos pedir rigor histórico ó que despois de todo son poemas, e así deixamos pasar sen crítica as incertas figuras de Odoario e San Froilán ou as orixes míticas dos Beladios. Mais aquí, tan cerca do noso tempo e tratándose dunha propiedade pública sagrada, temos que desmentir un mito demasiado repetido en Lugo e afirmar que ningún marqués de Ombreiro doou o solar da Casa do Concello de Lugo. O actual Concello de Lugo fíxose -sobornando outras Casas do Concello que xa existían- alí entre 1736 e 1738, cando aínda non había acordo do marquesado de San Martín de Hombreiro, título creado por Fernando VII en 1817.

Desde o airoso torreón, no centro da cidade,
tamén olla o que pasa nos barrios e arrabaldes.
Que grande regalía, que orgulloso se sente
en vendo como medran, e o tráfego da xente!
O pazo do Concello ten verbas para todos
empregando a linguaxe das horas do reloxo.




O MUÍÑO DA FERVEDOIRA

ESQUECIDO NO FONDO DUNHA REGA,
esborrállase o muíño fariñeiro
tradado pola couza no fameiro,
na buxa, na peneira, na moega.

Xa non se lembra da última fanega
de molaxe trocada en pan albeiro,
nin a frescura sente do regueiro
que á súa beira rápido escorrega.

Non deixa a mesta fraga ve-lo ceo
nin o solpor nin a brillante aurora
e, por veces, ecoa un longo ouveo.

O seu monótono treinar, noutrora,
invitaba a ruar e ó parrafeo.
Que só e abandonado fica agora!

# CEN ANOS E LUGARES NA OBRA DE LUÍS SEOANE EN NOVACAIXAGALICIA

## EXPOSICIÓN EN LUGO

*Por MANUEL VÁZQUEZ PARDO*

Actuacións arqueolóxicas, agrupacións e concertos musicais, conferencias, publicacións, congresos, exposicións, etc. evidencian a diario en Lugo unha intensa vida cultural. Novacaixagalicia, que leva moitos anos apoiando decididamente case todo, presentou esta primavera unha magna exposición na súa gran sala, galería habitual de relevantes mostras. Esta vez para poñer a quen a visita diante dun galego dos grandes, "bos e xenerosos": Luís Seoane. O título da presentación: "Cen por cen Seoane. 100 anos>100 lugares".

Tórnase xa lugar común que a máis grande obra de todo ser humano é a propia vida; pero no caso de Luís Seoane tal realidade tórnase proverbial. "Personalidade fundamental da Galicia do século XX", di o comisario da exposición, Xosé Díaz, "polas moitas iniciativas que acomete e as disciplinas creativas que cultivou: debuxante, activista, editor, artista plástico e deseñador, literato, comunicador, home de ideas e iniciativas, creador de realidades e utopías, soñador".

Os cen paneles –ó longo dos ángulos e outros espacios da enorme sala– fan patente esa panorámica vital. Ata o punto que a biografía de Seoane trae á memoria poliédricos xenios renacentistas coma Miguel Anxel ou Leonardo da Vinci. Pero o noso paisano achégasenos, non só por grande e contemporaneo, senón tamén pola súa vitalidade e o seu calor humano. Vale a pena seguilo nesta síntese artística composta ó cumplirse os sen anos do seu nacemento, o ano pasado. Entón na Coruña, lugar da súa infancia, mocidade, madurez e pasamento; e agora, de seguido, aquí en Lugo.